

CIRCULAR 115-2021.

LXXXVI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO, SUB23 E SUB20 DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL MASCULINO. LIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO, SUB23 E SUB20 DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL FEMININO.

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo e o Concello de Ribadavia organizan o LXXXVI Campionato Xunta de Galicia Absoluto, Sub23 e Sub20 de campo a través individual masculino e o LIV Campionato Xunta de Galicia Absoluto, Sub23 e Sub20 individual feminino o 9 de xaneiro 2022.

Art.2).- Para o Campionato, a título individual, realizaranse as seguintes clasificacións: Absoluta (1999 e anteriores), sub23 (2002, 2001 e 2000) e sub20 (2004 e 2003) tanto en homes coma mulleres.

Art.3).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas con licenza pola FGA aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.

Art.4).- Realizarase unha clasificación individual absoluta e das categorías sub20 e sub23, e unha clasificación por equipos.

Art.5).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA aprox.
11:40	Sub20	Homes	5.000 m.
12:10	Sub20	Mulleres	5.000 m.
12:40	Abs-sub23 (*)	Homes	9.000 m.
13:30	Abs-sub23 (*)	Mulleres	9.000 m.

() Os/as atletas máster poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.*

Art.6).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

Art.7).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o luns 3 de xaneiro ás 20:00 horas. Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible de repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

Art.8).- A orde de colocación dos equipos respectivos na saída establecerase por sorteo.

Art.9).- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición.

Art.10).- Establecerase control de chegada de 45´na proba de 9.000m masculinos, e de 55´na proba dos 9.000m femininos.

Art.11).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas clasificados/a.

Art.12).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.13).- Os/as 4 primeiros/as atletas galegos/as clasificaranse directamente para representar á Selección Galega no Campionato de España de Campo a Través de Federacións Autonómicas o 30 de xaneiro en Jaén, nas categorías Sub 20, Sub 23 e Absoluta masculina e feminina.

Art.14). A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do/a participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.15) Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.16) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 24 de decembro de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo